




Concello do Porriño

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026/2027

1ª. OBXECTO E CARACTÍSTICAS DA CONTRATACIÓN

O obxecto destas bases, de conformidade e co previsto nos artigos 2º, 10º, 11º da orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), (DOG núm. 228, do 25/11/2025) e nas Instrucións, de data 17 de abril de 2026, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo da convocatoria 2026-27, é regular o proceso de selección definitivo do alumnado-traballador, mediante o concurso con entrevista previa, para a contratación de **20 persoas desempregadas** para mellorar a súa ocupabilidade, cualificación e inserción profesional, a través da modalidade do contrato de traballo de formación en alternancia, a xornada completa durante 9 meses, que responde a necesidades urxentes e inaprazables, como alumnos/as-traballadores/as participantes no obradoiro dual de emprego "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026 / 2027, promovido polo Concello do Porriño.

Características das 20 contratacións:

- 10 alumnos/as-traballadores/as na familia profesional de Agraria, na área profesional de Forestal, niveis 1 e 2:
 - Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309).
 - Aproveitamentos forestais (AGAR0108, parcial só módulos MF1116, MF1118 e MF1121).
- 10 alumnos/as-traballadores/as na familia profesional de Informática e Comunicacions, na área profesional de desenvolvemento, nivel 3:
 - Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías Web (IFCD0210).
- Xornada laboral: completa
- Duración: 9 meses sen exceder a data fin do programa.
- Retribucións: Salario mínimo interprofesional establecido para os anos 2026/27, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Funcións:
 - Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas das especialidades formativas para as que se contrate.
 - Realizar a obra relacionada coa especialidade formativa para as que se contrate.
 - Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)
Alcalde do Porriño, 13/05/2026
Data de Sinalura: 13/05/2026
HASH: 2311466b8c4495204416f8c5be4452b



Concello do Porriño





- complementarias, no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polo persoal responsable do obradoiro de emprego.
 - Cumprir coas demais obrigas inherentes á relación laboral.

A duración dos contratos de traballo subscritos co alumnado-traballador non poderá exceder a data de remate do proxecto.

2ª. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección realizarase en dúas partes:

1ª. A preselección do alumnado-traballador será realizada pola oficina de emprego correspondente, mediante un procedemento específico regulado polas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, procurando a maior adaptación das persoas desempregadas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O ámbito xeográfico será o Concello do Porriño, de non atoparse un número mínimo de candidatos/as no devandito ámbito, ampliarase a sondaxe a concellos de proximidade xeográfica, cos mesmos requisitos.

A sondaxe non debe incluír a persoas que xa participarán en tres obradoiros/programas de formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación para cursar especialidades formativas da familiar profesional agraria.

2ª. A selección definitiva será mediante o sistema de concurso con entrevista previa regulado nestas bases. O alumnado que se preseleccione e o que se seleccione definitivamente deberá manter o cumprimento os requisitos esixidos nestas bases na data da súa incorporación ao proxecto.

3ª. PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases deberán ser remitidas á Dirección territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego correspondente así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

4ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos :

- a) Ter cumpridos dezaioito ou máis anos de idade (Acreditarase con DNI, NIE ou tarxeta autoridade competente).
- b) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán





acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe. (Acreditarase con DNI, NIE ou tarxeta autoridade competentes).

c) Estar desempregado/a, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. (Acreditarase cunha declaración responsable).

d) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia (código 421-Fomación) co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que ese aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. (Acreditarase cunha declaración responsable).

e) Cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de cualificación profesional obxecto deste procedemento de selección, segundo a Orde do 7 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro) e as súas posteriores modificacións ou estar en condición de obtelo á data de remate do prazo de admisión de solicitudes. (Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición. No caso de equivalencia ou homologación da titulación esta deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

g) Posuír a capacidade funcional que sexa necesaria para o desempeño das correspondentes tarefas que se desenvolveran no contrato a que opte o/a aspirante (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

h) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co





establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

i) Non ter realizado os seguintes certificados de profesionalidade:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309).
- Aproveitamentos forestais (AGAR0108, parcial só módulos MF1116, MF1118 e MF1121).
- Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías Web (IFCD0210).

k) A persoa candidata non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto. (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

l) Permiso de conducir clase B, para os/as candidatos/as a alumnos/as-traballadores/as na familia profesional de Agraria, na área profesional de Forestal.

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata o momento de formalización do correspondente contrato de traballo.

5ª. SOLICITUDES

As persoas aspirantes preseleccionadas e remitidas pola oficina de emprego, segundo a ORDE do 14 de novembro de 2025, as instrucións da dirección xeral e as presentes bases de selección; deberán presentar a súa solicitude (Anexo I) para participar no proceso selectivo definitivo, dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou por sede electrónica.

O prazo de presentación de solicitudes será de **2 días hábiles** a contar dende o día seguinte á publicación das presentes bases.

A solicitude poderá presentarse no correspondente modelo que se acompaña como ANEXO I destas bases ou na forma que determina o art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases, á contratación a que aspira, e así mesmo unha declaración expresa de que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas. Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos alegados e determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados. As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP.

As persoas aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na





súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixiarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

As persoas aspirantes preseleccionadas con carta de convocatoria, deberán presentar na forma e prazo indicado, o modelo de solicitude ANEXO I acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes.
- Informe dos períodos de inscrición como demandantes de emprego.
- Declaración responsable de que está desempleado/a como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego que se indique que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia (código 421-Formación; de non ter realizado os certificados de profesionalidade enumerados no apartado i) da base 4ª e que está desempleado como demandante de emprego non ocupado e dispoñible para o emprego. (Anexo II).
- Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal. A documentación presentárase ordenada seguindo a orde establecida no baremo que consta nestas bases e indicando a relación de documentos que presenta para ser valorados.
- Informe ou Certificación oficial da vida laboral con data de expedición posterior á publicación destas bases.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas, posuír as capacidade funcional e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados f), g) e h) da base quinta referida aos requisitos dos/das alumnos/as-traballadores/as. (Anexo III).
- Permiso de conducir clase B, para os/as candidatos/as a alumnos/as-traballadores/as na familia profesional de Agraria, na área profesional de Forestal.

Vistas as solicitudes e comprobados os requisitos, se quedan na lista de admitidos/as definitivos/as menos de dúas persoas aspirantes por cada unha das contratacións citadas, poderán solicitarse novos candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por contratación, co fin de garantir a correcta selección de persoal participante.

6ª. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con





especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como designación do tribunal do proceso selectivo. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán dun prazo de **2 díaa hábiles**, contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución de aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía ditará resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo e se fixara o lugar, data e hora de constitución do tribunal; así como a data, lugar e hora da entrevista previa. Finalizada dita entrevistas o tribunal publicará a puntuación obtida e a data de valoración de méritos do concurso. Todas as publicacións deste procedemento de selección serán realizadas no taboleiro da sede electrónica e no taboleiro físico de edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

7ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal do proceso selectivo estará formado por cinco membros, un presidente/a, un secretario/a e tres vocais designados pola Alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo. O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados pola alcaldía xunto cos titulares.

A pertenza ao tribunal de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao





órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá valerse de persoal de apoio administrativo durante o proceso selectivo.

Aos membros do tribunal así como o persoal de apoio administrativo, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos citados asesores e funcionarios de apoio, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

Os acordos ou resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

8ª. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso con entrevista previa:

- Entrevista previa e proba básica de coñecementos: (Puntuación máxima: 6 puntos)

Con anterioridade á fase de concurso realizarase unha entrevista ás persoas aspirantes, que deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo tribunal de selección. Con carácter xeral, a non presentación dunha persoa aspirante no momento de ser chamada determinará automaticamente unha puntuación de 0 puntos.

A entrevista persoal ten como finalidade avaliar o interese do candidato/a





en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate. Os/as candidatos/as terán que superar unha proba básica de coñecementos, a proposta do tribunal.

- Concurso: (Puntuación máxima: 10 puntos)

O tribunal comprobará e cualificará a documentación e as circunstancias acreditadas correspondentes á concurso das persoas aspirantes. Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias. So se valorarán as circunstancias das persoas presentadas a entrevista e que permanezcan no proceso de selección.

O baremo de puntuacións será o seguinte:

a- Mulleres (max. 2,00 puntos):

Mulleres en xeral 1,00 punto
Mulleres vítimas de violencia de xénero 2,00 puntos
(Acreditarase a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

b- Idade:

18 - 29 anos1,00 punto
30 - 44 anos..... 2,00 puntos
45 ou máis 3,00 puntos
(Acreditarase coa fotocopia do DNI).

c- Ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, con anterioridade á data de resolución de adjudicación deste programa (17-04-2026): 0,75 puntos.

(Acreditarase co informe do Orientador/a laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidade colaboradora, ou cun documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite o IPI).

d- Persoas con diversidade funcional, sempre que sexa compatible coas funcións a desenvolver:

Igual ou superior ao 33%.....0,50 puntos
(Acreditarase coa fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade funcional).

e- Protección de desemprego:

Perceptores de desemprego 0,50 puntos
Perceptores de subsidio ou axudas (*) 1,00 puntos
Non perceptores 1,50 puntos
(*): PRESTACIÓN, SUBSIDIO, RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA, etc.....
(Acreditarase coa vida laboral actualizada a xuño de 2026 e/ou cun certificado do Servizo público de emprego).

Cod. Validación: 9NYRE7GMUP6FYZDX5XF6HK35Z
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 17





f- Tempo de desemprego desde o último traballo:

Menos de 12 meses 0,50 puntos
De 12 a 18 meses 1,00 puntos
Máis de 18 meses ou sen experiencia..... 1,50 puntos
(Acreditarase con vida laboral actualizada a xuño de 2026 e informe actualizado de períodos de inscrición como demandante de emprego no SPEG).

g- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:

Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social..... 0,75 puntos

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. (Acreditarase cun Informe de servizos sociais).

h- Non ter participado nun Obradoiro Dual ou Programa de Emprego (formación en alternancia co emprego - código 421-Formación) nas cinco convocatorias inmediatas anteriores:

A non participación..... 3,00 puntos
(Acreditarase con vida laboral actualizada a xuño de 2026, ou no caso de non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade Social, co documento que o acredite).

i- Formación académica (max. 2,00 puntos):

Ata graduado en ESO..... 2,00 puntos
Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 1, 50 puntos
FP de ciclo superior..... 1,00 puntos
Títulos universitarios 0,50 puntos
(Acreditarase mediante fotocopia do/s título/s ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo/s ou certificación/s oficial de ter superado os estudos conducentes para a súa expedición).

De non achegar documentación acreditativa, non será valorado o apartado correspondente.

9ª. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SLECCIÓN

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse o Tribunal e realizar a entrevista previa e proba básica de coñecementos, fixarase na resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro da sede electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

No caso de que participen persoas con discapacidade que solicitasen adaptacións de tempo e medios para a realización da entrevista, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos

Cod. Validación: 9NYRE7GMUP6FYZDX5XF6HK35Z
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17





esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

10ª. CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO

A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas na entrevistas previas e no concurso.

No suposto de empate na puntuación final entre dous/dúas ou máis aspirantes no proceso de selección dos/as alumnos/as-traballadores/as, este resolverase a favor do/a aspirante que acadara a maior puntuación, segundo a seguinte orde:

1. Non ter participado nunca nun Programa/Obradoiro de Emprego.
2. Idade, tendo preferencia a persoa de maior idade.
3. Ter menor nivel académico.
4. Experiencia laboral, tendo preferencia a persoas coa menor experiencia.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal elaborará unha lista dos/as aspirantes coa puntuación obtida e publicará, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporriño.org, a relación de aprobados/as por orde de puntuación decrecente; tamén se incluírá unha relación de reservas; e formulará proposta de contratación ao Alcalde cos/as aspirantes que obtiveran as maiores puntuacións que serán os que participarán na execución do programa de emprego de persoas mozas; sempre e cando se verifique que seguen cumprindo os requisitos.

O tribunal en ningún caso poderá propoñer un número superior de aspirantes ao das contratacións previstas nestas bases. Calquera proposta que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

A entidade remitirá a listaxe á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que as persoas seleccionadas cumpren con todos os requisitos para poder participar no programa. Se algún dos/as alumnos/as propostos/as non cumpriran ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva elaborada polo tribunal cualificador e proposta á Alcaldía.





Unha vez iniciado o programa, sempre e cando cumplan os requisitos de titulación, e previa aprobación da oportunidade pola Xefatura territorial, poderase facer uso da lista reserva para cubrir algunha baixa ou renuncia.

11ª. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA CONTRATACIÓN

As persoas aspirantes aprobadas e propostas para a contratación como persoal alumnado-traballador terán que presentar a seguinte documentación:

- a) No prazo máximo de **1 día hábil** contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo:
 - 1) Fotocopia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
 - 2) Certificación de conta bancaria con número IBAN.
- b) Deberán xustificar, durante o período entre o día da publicación do resultado do proceso selectivo e a sinatura do contrato, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

Se transcorrido os devanditos prazos non aportan a documentación, segundo o anterior, considerarase que renuncia á esta e pasará a requirirse ao/á seguinte aspirante aprobado/a con maior puntuación ata cubrir a totalidade de contratacións convocadas.

12ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal e unha vez presentada a documentación esixida, resolverá o que corresponda; de xeito que a formalización dos contratos debe realizarse na data límite do 1 de xuño de 2026.

Nos contratos utilizaranse necesariamente as modalidades de contrato de traballo establecidas na ORDE do 14 de novembro de 2025 e deberá constar a declaración responsable do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para estes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a





lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

Os contratos de traballo do alumnado formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, e deberase facer constar a denominación do programa para o que se formaliza e o número da oferta de emprego utilizada.

Para o suposto de que a persoa proposta non se presente a formalizar o correspondente contrato, non o puidera formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizado fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou para outros supostos en que o contratado non puideran cumprir o contrato o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder de 12 meses nin o fin do programa.

13ª. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

14ª. RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na ORDE do 14 de novembro de 2025, na Resolución de concesión de subvención de data 17/07/2026 do Director Territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026/2027; na Instrución en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2026-27, emitido pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego en data 17/04/2026; e subsidiariamente o establecido para os contratos de formación en alternancia no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

15ª. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN

O tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases. As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso





Administrativa segundo corresponda.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

16ª. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Mediante a participación no referido proceso, os/as titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de contratacións e confección do banco de datos ou lista de reserva.

Os/as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos/as representantes dos/as traballadores/ras, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

17ª. REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS.

A Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal cualificador de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

ANEXO I. SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE PARA A CONTRATACIÓN DE 20 PERSOAS DESEMPREGADAS PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026/2027

D./Dª.			
DNI núm.			
e con domicilio en			
Código postal		Concello	
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,	





Expoño e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñezo e acepto as bases reguladoras do proceso de selección definitiva para a contratación de 20 persoas desempregadas como alumnado-traballador para o obradoiro dual de emprego "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026/2027, promovido polo Concello do Porriño.
- Que cumpro os requisitos para participar no proceso de selección e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

Solicito ser admitido/a no proceso selectivo como alumno/a-traballador/a de:

- Alumnado-traballador especialidade familia profesional Agraria, na área profesional de Forestal. Prioridade: _____
- Alumnado-traballador especialidade de Informática e Comunicacions, na área profesional de desenvolvemento. Prioridade: _____

(En caso de figurar a súa candidatura nas dúas especialidades formativas, debe indicar a súa PRIORIDADE: **1: maior interese** e **2: menor interese**)

E aporto a documentación para xustificación dos requisitos e méritos alegados (sinalar cun X):

- Fotocopia do DNI, NIE ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes.
- Informe dos períodos de inscrición como demandantes de emprego.
- Declaración responsable de que está desempregado/a como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego que se indique que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia (código 421-Formación; de non ter realizado os certificados de profesionalidade enumerados no apartado i) da base 4ª e que está desempregado como demandante de emprego non ocupado e dispoñible para o emprego. (Anexo II).
- Informe ou Certificación oficial da vida laboral con data de expedición posterior á publicación destas bases.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas, posuír a capacidade funcional que sexa necesaria para o desempeño das correspondentes tarefas que se desenvolveran no contrato a que opte o/a aspirante, e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados f), g) e h) da base quinta referida aos requisitos dos/das alumnos/as-traballadores/as. (Anexo III).
- Informe do Orientador/a laboral ou documento expedido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral no último ano, dende a data





de publicación destas bases.

- Fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade igual ou superior ao 33%, se é o caso.
- Fotocopia do título ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Fotocopias da documentación xustificativa dos méritos que aleguen que se valorará conforme se establece na **base OITAVA** das Bases que rexen o proceso selectivo.
- Anexo I asinado.
- Permiso de conducir clase B, para os/as candidatos/as a alumnos/as-traballadores/as na familia profesional de Agraria, na área profesional de Forestal.

En, a..... de.....de 2026

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO II. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos nos punto c), d), i) e k) da base 4ª

D./Dª.			
DNI núm.			
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,	

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Estar desempleado/a, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
2. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia (código 421-Fomación) co obxecto de estar





vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que ese aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

3. Non ter realizado os seguintes certificados de profesionalidade:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309).
- Aproveitamentos forestais (AGAR0108, parcial só módulos MF1116, MF1118 e MF1121).
- Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías Web (IFCD0210).

4. Non ter participado con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego no que se cursaba o mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

En de de de 2026

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO III. Declaración responsable cumprimento requisitos establecidos nos puntos f), g) e h) da base 4ª

D./Dª.			
DNI núm.			
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,	

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a





Concello do Porriño

OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA

Obradoiro dual de emprego
"O Porriño Eco-Necta"

sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

2. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

3. Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (Acreditarase cunha declaración responsable do interesado/a).

En, a..... de.....de 2026

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde - Presidente do Concello do Porriño

